

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### INTERVENCIÓN DO PRESIDENTE DA XUNTA, ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO, NA PRESENTACIÓN DO XACOBEO 2010

Santiago, 20 de outubro de 2009.-

Autoridades presentes, amigas e amigos,

O tempo é o mellor xuíz das crenzas e dos mitos.

De pouco vale que os poderes públicos ou relixiosos teimen por impoñer un culto ou unha tradición, se o pobo non os acepta como seus e se non llos transmite ás xeracións futuras. Persisten aqueles que encerran un significado fondo co que a xente se sente identificada, e acaban esvaecendo os que non foron máis ca froito de artificios.

O Camiño de Santiago pertence á categoría das tradicións que xorden dunha necesidade e que se manteñen pola súa capacidade de reflectir un gran sentimento colectivo.

Xunto ó Camiño xeográfico, hai outro temporal que vencella á afastada Idade Media co século XXI. Se un peregrino medieval e outro do noso tempo puidesen atoparse no Cebreiro ou en Compostela, habería entre eles unha distancia tecnolóxica sideral, pero tamén unha emoción común. Unha emoción que ningún adianto técnico, ningún cambio ideolóxico ou cultural, fixo nin fará desaparecer.

A Historia quixo que Galicia fose a gardiana dun dos símbolos que serven de alicerce á nosa civilización. E non por ser unha terra única, senón por todo o contrario. A nosa Europa é un fermoso mosaico feito de Galicias. Pequenos territorios onde o home é quen de domina-la paisaxe. Lugares antigos que acubillaron linguas e culturas hoxe mesturadas. Microcosmos onde o vello e o novo coexisten, sen dar pé a nostalxias paralizantes, nin a modernidades que desprezen o pasado. Comunidades, rexións, condados, cantóns ou provincias. A denominación administrativa é variada, pero a realidade que expresan é semellante.

Nesas Galicias que cobren o mapa de Europa entre Fisterra e Finlandia están a gran fortaleza da cultura occidental, e a súa capacidade para tratar harmonicamente coas demais. Nesas Galicias que se chaman Bretaña, East Anglia, Baviera, Tras-os-Montes, Lombardía... ou na Galitzia polaca, moldéase o que poderíamos denominar *homo europeus*, un home capaz de asimila-los cambios e de atesourar diferentes identidades.

É esa comprensión da diversidade a que fixo posible que se levantaran primeiro as grandes nacións europeas, e máis adiante a mesma Unión Europea. Xa no século XII, o Códex Calixtinus enumera unha infinidade de procedencias peregrinas. Eu quero pensar

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

que en todas esas Galicias espalladas polo continente houbo, cando menos neses tempos remotos, un peregrino xacobeo que veu aquí coa mesma devoción que hoxe sentimos, e que despois regresou á súa terra convencido de que formaba parte dunha realidade superior e grandiosa. Aínda que non o soubera, esa realidade era Europa. Esa realidade é Europa.

Por iso, o Xacobeo 2010 vai máis alá dunha sucesión de actos e festexos de todo tipo. É un reencontro co cerne europeo, a través dunha tradición rica en ensinanzas, que empeza coa chegada a este confín de Europa dun Apóstolo emigrante que atopa entre nós (un país de emigrantes) a súa patria eterna. Velaí a imaxe dunha civilización hospitalaria cos foráneos que despois constrúe, grazas ó Camiño, un Internet humano, unha rede social na que se van disolvendo as fronteiras entre irmáns europeos.

Hai, nesa capacidade de atracción do Camiño, unha combinación entre un pasado que nos semella fermoso, e un futuro que precisa puntos de referencia. Se en Europa naceron tódalas teorías filosóficas, políticas e económicas que orientaron a Humanidade, Europa non poderá construírse sen faros que sinalen a súa identidade. Un deles, o máis perdurable, o máis auténtico, o de poder irmandar a crentes e agnósticos nunha espiritualidade compartida, está en Compostela.

Porque ó redor do Camiño se produce un milagre que nos tempos que corren segue a ser necesario: O Xacobeo transforma ó estranxeiro en peregrino. As rutas que se dirixen a Santiago son coma un río onde desembocan diversos afluentes que se xuntan para formar unha mesma corrente humana. Esa Humanidade que hoxe tanto invocamos para resolver problemas políticos ou económicos comúns, para afrontar desafíos tecnolóxicos comúns, para evitar desfeitas ecolóxicas comúns, esa Humanidade constrúíuse tamén no Camiño.

Ten o Xacobeo outra característica que perdura a través do tempo: é unha obra fondamente popular. Os peregrinos de tódalas épocas son o mellor testemuño de que os galegos se senten protectores dunha herdanza secular. Non estamos, polo tanto, diante dunha conmemoración movida exclusivamente por un impulso oficial. Malamente podería ter sobrevivido a tradición xacobeá a tantos avatares históricos, se non tivera o respaldo de xente que humaniza o Camiño coa súa presenza.

Esa xente é Galicia. Eses dous camiñantes imaxinarios dos que lles falaba, un procedente da Idade Media e outro contemporáneo noso, poderían dar fe da transformación milagrosa deste vello país do Occidente europeo. O peregrino que chega á nosa terra atopa un pobo libre, cordial, emprendedor, convertido na proa de Europa. Un pobo que foi quen de erguerse con orgullo para atopa-lo seu lugar en España e na aventura europea. Un pobo con dúas linguas e un só sentimento. Un pobo que non fixo da súa diversidade cultural unha eiva, senón unha vantaxe na era da globalización.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Tamén nisto, a nosa Galicia volve ser representativa desas outras Galicias que forman a constelación europea. Nelas fórxase ese prodixio tan ben descrito polo pensador Amin Maalouf na súa louvanza a Europa. Di que os europeos estamos conseguindo que *numerosas patrias étnicas, se convirtan nunha patria ética*. Eu digo que ese logro tan trascendental ten a súa primeira orixe nas Galicias espalladas polo mapa, auténticas escolas de convivencia e diversidade. Convivencia e diversidade son os dous fachos que seguen alumeando os roteiros xacobeos.

Amigas e amigos. O Xacobeo 2010 é una idea popular e unha aventura colectiva. Esa Galicia diversa representada aquí polos seus alcaldes, é quen protagoniza unha efeméride ilusionante, austera, debido ás circunstancias, e descentralizada para ser fieis ó compromiso de tódolos galegos co Camiño; ese Camiño que, en palabras do escritor galego Eduardo Moreiras *“viña de Europa a Galicia, pasando pola Vía Láctea”*.

2010 é unha data ilusionante porque o Xacobeo recupera o máis fondo espírito peregrino e o seu sinal máis característico: a xenerosidade.

- Xenerosidade no traballo para:
  - o Facer máis amable e completa a experiencia da peregrinación dos millóns de persoas que percorreren a nosa terra nos vindeiros meses.
  - o Para salvagardar e pór en valor o patrimonio de Galicia.
  - o Para ofrecer a Galicia unha programación cultural de calidade.
  - o E para fomenta-lo intercambio entre os protagonistas da nosa cultura e os chegados a Galicia.
- Xenerosidade no traballo e xenerosidade nos sentimentos, para ser quen de aproveita-lo intenso intercambio humano que se produce no seo do Camiño dende a Idade Media ata os nosos días, e que nos permite seguir medrando como pobo.

2010 é unha data que respecta as ensinanzas do Apóstolo Santiago nas que nos fala de atopar esperanza na fe, en calquera circunstancia da vida, por dura ou adversa que esta sexa; e que é ademais testemuño de esforzo e de traballo, de confianza nas propias forzas para sobrepoñernos ás circunstancias desfavorables e defini-lo propio destino.

Hoxe máis que nunca impóñense o máximo rigor, a procura das mellores inversións e da eficiencia na xestión pública. Hoxe máis que nunca, pregamos a Santiago tesón para busca-lo mellor, non só para uns poucos, senón para todos.

## **INFORMACIÓN AOS MEDIOS**

E, finalmente, 2010 é a data de tódolos galegos, sen excepción. A data no que o peregrino amplía o horizonte onde poder desprega-la súa mensaxe máis íntima: Galicia ofrece todo o seu tempo e todo o seu espazo para facer posibles a solidariedade, a reflexión, o recollemento, o descanso e o diálogo.

Abrimos, pois, a fiestra dunha Galicia aberta ó mundo, establecida na tecnoloxía plural e moderna, mais tamén fondamente espiritual, atávica e humanista.

Sería imposible e ingrato dicir que este labor o realizamos en solitario: a Xunta séntese acompañada e apoiada por tódolos galegos. Sentimos que, no camiño que hoxe nos trouxo ata aquí, contamos con multitude de persoas, institucións e entidades empeñadas en facer deste Xacobeo 2010 un fito inesquecible para Galicia. Xente que fixo da nosa angueira un labor gozoso no que sempre tivemos a impresión de estar apoiados por unha única vontade de progreso solidario chamada Galicia.

En Galicia conflúen dez camiños. Camiños xeográficos, históricos e espirituais. camiños que nos levan a esta terra única; camiños que continúan unha senda que se perde na memoria, e camiños que axudan a que o home se atope consigo mesmo. Desexo que os peregrinos percorran todos os significados do Camiño. Espero que todos sintan o latexo dos ideais de liberdade e tolerancia deste país. Agardo que vexan en nós un país fraterno, irmán de tódalas Galicias que fixeron e fan a nova Europa.

A nova Europa que ten, no próximo ano, a súa capital en Galicia. Porque 2010, amigas e amigos, é unha data con nome de país: Galicia.

**SAÚDOS**  
**GABINETE DE COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA**